

[Inicio](#) > [Temas](#) > [Cultura e língua](#)

: 24 de febreiro : : AELG : : CIG-Ensino : : Rosalía de Castro :

A CIG-Ensino apoia a iniciativa da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega para celebrar o día de Rosalía o 24 de febreiro

Fai un chamamento para que, nesa data, o profesorado desenvolva actividades relacionadas con algúna obra da escritora

Como en anos anteriores, a CIG-Ensino apoia a iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, AELG, para celebrar o día de Rosalía, e súmase á proposta de celebrar a data agasallando un libro en galego e unha flor. Por iso fai un chamamento ao profesorado para que o 24 de febreiro desenvolva actividades nos centros relacionadas con algúna obra da escritora universal.



Rosalía de Castro foi a primeira escritora en asumir a publicación dunha obra literaria integralmente en galego, dando un paso adiante fundamental para o noso idioma, un paso sen o cal, talvez hoxe non teríamos nin sequera este presente cativo.

Rosalía Castro representa para todas e todos nós a defensa inquebrantábel do idioma, a entrega total para que un día sexa unha lingua plenamente normalizada. “Esta visión de Rosalía debe ser tamén a que ten esta Administración galegófoba que se nega a que o seu día veña recollido no calendario escolar e que este ano retirou a data do calendario do libro e da lectura” denuncia a CIG-Ensino que se pregunta “por que temen a Rosalía?”

Lembra que neste curso en que a LOMCE entra en vigor, “nada mellor que lermos á nosa poeta para termos presente todo o que esta lei nos quere negar”.

A CIG-Ensino anuncia ademais que seguirá insistindo e exixindo á Consellaría que o 24 de febreiro se inclúa como unha conmemoración centrada no recoñecemento e difusión da autora que simboliza o Rexurdimento da nosa lingua e da nosa literatura. “Os desprezos manifestos da Consellaría non nos farán calar e seguiremos a sinalar os seus prexuízos e o seu autoodio”.

Finalmente, anima a participar nas lecturas colectivas que a AELG vai realizar en todo o país, o luns 24 de febreiro, e mesmo no acto nacional que se celebrará o domingo 23 no Panteón dos Galegos Ilustres.

Esta obra está baixo unha [licenza de Creative Commons](#).